

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 2369/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. María Loureiro García, Alcaldesa do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres condutores de motobomba non incluído no cadro de persoal do Concello.

No Boletín Oficial da Provincia número 164, de 20 de xullo de 2021, publica a convocatoria de un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un conductor motobomba, no incluído no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais, anexos e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo da segunda addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres condutores motobomba non incluídos no cadro de persoal do Concello, con número de expediente: 2369/2021.

Vista a base xeral 8.1 que sinala “(**...Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 10 días. A lista provisional de admitidos e excluídos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital...”

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de un conductor de motobomba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro, e atendendo ao inicio da época de verán e os perigos que conleva os incendios forestais.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 26 de xullo de 2021 ás 09:00 h., ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada polos aspirantes presentados nesta segunda convocatoria e elaborar a proposta de lista provisional de admitidos e excluídos.

SEGUNDO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 9H0KFE5HXEDLSS3FDADKMI5FNG | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2